Con/109/2015

NARÓN

CONCELLO DE NARÓN

Reunidos na Casa do Concello, o día 17 de xaneiro de 2017, ás 11,30 horas, constitúese a mesa de contratación para a adxudicación do contrato denominado "Obras de reforma e mantemento nos edificios do Auditorio, Pazo da Cultura e Casa da Cultura" formada por D. José Manuel Blanco Súarez (Alcalde), que actuará como presidente; D. Alfonso de Prado Fernández-Canteli (Secretario da Corporación); Dna. Pilar Canzobre Méndez (Interventora da Corporación) que actuarán como Vogais, e por último D. Ignacio Mazaira Garro, que actúa como Secretario da Mesa.

Aberta a sesión pola presidencia, procedese a lectura e exame do informe técnico emitido en relación coa xustificación da baixa desproporcionada presentada pola empresa Sergonsa Servicios S.L.

Neste informe asinado por D. José Manuel Saavedra Pantín, considérase non xustificada a proposta presentada por non xustificar os prezos ofertados, si ben si xustifica o volume de obra e a relación custes fixos/volume de obra:

Non presenta o compromiso de subministro de ningún dos materiais principias especificados para a obra.

Non presenta relación de material ningún de achega en propiedade

Non presenta relación de maquinaria ou equipos propios ou alugados.

Prezos descompostos con dubidosa realidade dos prezos unitarios dos principais materiais.

A Mesa de Contratación, ratifica este informe e afasta do procedemento licitatorio, a oferta presentada pola mercantil Sergonsa Servicios S.L..

Así as ofertas que continúan en la licitación, obteñen, con referencia aos criterios de adxudicación, a seguinte a puntuación:

Entidade	Criterios non obxectivos	Criterios obxectivos	Total
Nortemar S.L.	12,60	18,73	31,33
Rivademar S.L.	19,50	43.05	62,55
Gonnaba S.L.	21,90	34,13	56,03
Oviga S.L.	18,80	48,69	67,49
Fonsán S.L.	21,30	49,43	70,73

A vista destas puntuación, a Mesa de Contratación propón a adxudicación deste contrato, á empresa coa mellor oferta, segundo a puntuación dos criterios de adxudicación contemplados no prego de condicións, FONSAN S.L.

Non tendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as once horas e corenta e cinco minutos da data indicada no encabezamento, redactándose a presente Acta, de cuxo contido eu o Secretario dou fe, asinando comigo os membros da mesa.

Asdo. José M. Blanco Suárez

Asdo.Alfonso de Prado Fernández Canteli

Asdo.María del Pilar Canzobre Méndez

Asdo.Ignacio Mazaira Garro